



UNIVERSIDAD DE SALAMANCA 9 de Novembro de 1985

FACULTAD DE FLOSOFIA Y LETRAS

Departamento de Lingüística Románica

Apartado 19

C/11-D

Sr. Dn.
Xosé-María Monterroso Devesa
A CORUNHA.

Estimado Señor:

Moitas gracias pola atención que adica ós meus ensayos da Voz de Galicia, e polo recorte que me envía sobre a Berberiana, desexándolle que se realicen os seus propósitos urbanísticos, e se non, xa debe saber que "A verberiana todolos males sana / senon o da morte / porque é moi forte".

Aproveitando un momento de vagar ~~contesto~~ contesto as suas preguntas. Valdayo escribino así porque así escrebeuno J.A. Posse (p. 135) e eu nunca tiven respecto a ortografía mais que moito respeto e ningunha preocupación. Non teño a man neste momento documentación para estudar a sua orixen. Se hay Valdeajos non sería imposible que poidera aparecer un Vaddallo, pero de calquer xeito non val a pena de montar hipótesis sen dados históricos, que non serán difíciles de pescudar.

Nunca atopei o fitónimo primachorro, nen en fontes do XVIII nen no Dicc. de Colmeiro, en B. Merino; se non erro está recollida por vez primeira no apéndice de Rodríguez González (1961), non acho nada semellante nos diccs. fitonímicos portugueses. Por tanto sei dela tanto como nada. Tomo nota dela por se atopo algo semellante en outras linguas, aínda que esa prima- parez ter que ver ca primula- , primavera, etc.

Non teño idea de cando aparez esa Aldea Gallega nen se foi sequera Galega ou invención da xente castelán en Galiza. Os Galegos en Galicia, se son antigos, poderán ter ascendencia ~~de~~ divi-
sions tribales; non teño idea de que se teña estudado o problema. Sería algo comparable ós Céltegos, que surden nas fronteiras tribales como é sabido.

Se se ~~interesa~~ interesa pola familia do Gramático Mirás, que, se é irmán do impresor chamárase Mirás y Álvarez, pode leer a nota que B. Barreiro, pon no seu libro sobre Brujos y Astrólogos de la Inquisición de Galicia (ed. Arealonga) na pag. 38, que tina casa quinta en Ames e seu caseiro tiraballe pedrinas.

Sinto serlle de tan pouca utilidade e coido que outra vez teña mellor sorte.

Receba unha aperta de